

# O TORQUES DE CENTROÑA (PONTEDEUME, A CORUÑA) NA OURIVERÍA CASTREXA

Aurelia Balseiro García

---

*“... Cuenta que entre los ártabros, que son los pueblos más remotos de Lusitania hacia el Noroeste, la tierra tiene eflorescencias de plata, estaño y oro blanco (por estar mezclado con plata) y que esa tierra la arrastran los ríos...”*

Estrabón (Geografica, III, 1,9)

*“... al final viven los ártabros cerca del cabo que llaman Nerio... los ártabros tienen abundantes ciudades agrupadas, en el golfo que los navegantes y los que frecuentan estos lugares llaman Puerto de los Artabros...”*

Estrabón (Geografica III, 3,5)

## OURIVERÍA CASTREXA

A ourivería é unha das manifestacións materiais máis representativas da cultura castrexa e algunhas das súas producións como os torques son moi coñecidas, de tal xeito que aínda que non transcenda todo o seu simbolismo e significado convertéronse nun elemento e/ou icona asociado á nosa protohistoria e utilizado incluso hoxe en día con diversas finalidades.

Unha das características máis salientables da ourivería castrexa é o predominio do ouro como materia prima demostrado, ademais de nas propias pezas, na referencia documental das citas clásicas de Posidonio e Estrabón sobre a riqueza aurífera do Noroeste peninsular. A presenza de metais no territorio xunto cos produtos deles derivados avalan a existencia dunha metalurxia no NO peninsular dende o III milenio a. C., sendo os xacementos auríferos coñecidos e logo explotados a maior escala polos romanos.

Tamén se está a establecer a Idade do Ferro como un dos momentos de maior esplendor das producións ourives no NO, como resultado tanto da tradición autóctona e atlántica da Idade do Bronce como das novas técnicas e modelos de influencia mediterránea, polo que se pode falar, en xeral, dunha gran destreza e dominio da tecnoloxía para a metalurxia do ouro en época prerromana.

Entre as xoias máis sobranceiras da ourivería castrexa, ademais dos torques desenvólvense outras pezas como as arracadas, brazaletes e diademas e outras de dubidosa fun-

ción pero tamén realizadas en ouro como placas, espirais, diademas, apliques,... que compaxinan a súa función de adorno coa de símbolo de riqueza ou poder. Non obstante, a consideración xeral destas xoias áureas prerromanas como bens de prestixio non deixa de lado o seu estudo dentro das esferas económica e espiritual cos conseguintes valores comerciais e outros relacionados co mundo das crenzas, ademais do devandito aspecto social.

## TORQUES

Os torques defínense como adornos de pescozo ou colares ríxidos metálicos mencionados e utilizados por gregos e romanos que os consideraban característico dos pobos bárbaros (europeos e asiáticos) que os utilizaban como un símbolo de determinados guerreiros ou persoeiros importantes dentro dunha elite social e incluso como distintivo dos deuses ou da divindade (como o deus galo Cernunnus). Os propios romanos logo os incorporarían tamén dese xeito ao seu panteón (asignándolle este atributo a Mercurio, por exemplo) pero tamén como condecoración militar ou trofeo de guerra (*dona militaria*), na etimoloxía de nomes como Torcuato<sup>1</sup> (“adornado cun colar/torques”), como ofrenda votiva, en contextos funerarios ou como agasallo. Tamén aparecen en numerosas esculturas, relevos, moedas, vasos, caldeiros, etc.

Esta concepción dos torques adscribítese cronolóxica e culturalmente á Idade de Ferro europea coincidindo co momento de máximo esplendor destas xoias aínda que subsistirán nos primeiros séculos da nosa Era en plena romanización. Na península ibérica hai tres áreas de produción de torques ben caracterizadas: os torques ibéricos propiamente ditos (no Sur), os torques celtibéricos (na Meseta) e os torques castrexos (no NO). Entre elas existen evidentes relacións tamén apreciadas na ourivería a través das influencias nas distintas morfoloxías e técnicas.

Con anterioridade á Idade do Ferro tamén se constatan prototipos de torques metálicos (torques-lingote) en Centroeuropa, Europa occidental e no Levante mediterráneo perante a Idade de Bronce. Neste mesmo período na península Ibérica a dispersión de torques concéntrase en Estremadura e Sur de Portugal sendo interpretados como parte de depósitos ou ocultacións.

A pesar da súa derivación do latín *torquis* non necesariamente teñen que ter a variñña retorcida.

## FUNCÍONS E SIGNIFICADO:

Con toda esta tradición histórica e artística os torques adquiren distintos significados e adoptan formas características identificativas segundo a sociedade na que se desen-

1. Referida ao romano Tito Manlio que ao vencer a un guerreiro galo e arrincarlle o seu torques foi aclamado dese xeito polos soldados.

volve esta peza tan representativa da ourivería prerromana, aínda que, a pesar da dispersión xeográfica e da cronoloxía, existan denominadores comúns como ese simbolismo de poder ou status social. Porén, os torques castrexos desenvolveron unha tipoloxía peculiar cunha tecnoloxía característica tanto nos sistemas de elaboración/fabricación como na decoración, establecendo uns morfotipos identificativos asociados a varias áreas xeográficas no contexto territorial da cultura castrexa que os independizan, en conxunto, doutras culturas. Cualitativa e cuantitativamente<sup>2</sup> podemos afirmar que os torques son as pezas máis representativas da ourivería castrexa.

## FUNCIÓN DAS XOIAS PRERROMANAS: BENS DE PRESTIXIO

EIDO ESPIRITUAL	EIDO SOCIAL	EIDO ECONÓMICO
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ofrendas rituais</li> <li>- Exovais funerarios</li> <li>- Depósitos votivos</li> <li>- Distintivo de deuses</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ornato/abalorio</li> <li>- Exhibición de poder/riqueza</li> <li>- Indicadores de xerarquía</li> <li>- Distintivo dunha comunidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acumulación de riqueza</li> <li>- Intercambios</li> <li>- Relacións comerciais</li> <li>- Agasallos</li> <li>- Relacións políticas</li> <li>- Inversión</li> <li>- Medida de valor: premoeda</li> </ul>

Outra cuestión singular é a do xénero posto que os torques adoitan ser usados por homes e mulleres segundo a época e a cultura na que se integren. Na cultura castrexa os torques áureos eran de uso maioritariamente masculino a diferenza doutras áreas da península como a ibérica, e así aparecen en distintas representacións asociadas a varóns de determinado rango ou estatus como nas esculturas pétreas, xunto con outros elementos da panoplia dun guerreiro ou persoeiro de alto rango (brazaletes, armas, escudo...) na cabeza de Rubiás (Bande, Ourense), na escultura sedente procedente de Xinzo de Limia (Ourense), na cabeza de Anllo (Cea, Ourense) ambas as dúas no Museo Arqueolóxico de Ourense ou nos guerreiros galaicos da veciña Portugal<sup>3</sup>. A mesma tipoloxía do torques de Centroña tamén aparece representada nunha cerámica procedente de A Lanzada<sup>4</sup> (Sanxenxo, Pontevedra) datada no s. I a.C. de xeito aillado e decorativo pero cun fondo de obxecto importante digno de ser amosado. Tamén aparece un torques representado na machadiña votiva de Cariño (A Coruña)<sup>5</sup>.

2. Dos máis de cen torques áureos castrexos coñecidos (segundo o inventario de Nuria Reboredo hai 120 torques)

3. Como as procedentes de Outeiro de Lezenho. Boticas, Vila Real ou a de Meixedo, Viana do Castelo, datadas no século I.

4. Conservada no Museo de Pontevedra

5. Conservada no Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.



Cerámica de A Lanzada. Museo de Pontevedra

No resto de Europa, a mediados da Idade de Ferro, hai constancia de torques de bronce como adorno feminino. Tamén o excepcional torque áureo de Vix (Francia) formaba parte do enxoval dunha muller nunha tumba datada entre o 500-480 a.C.

Por suposto, tamén é atributo de deuses/as e como tal aparecen representados en diversas manifestacións artísticas cos torques asociados á divindades ou a algún tipo de culto que os ligan ao mundo das crenzas espirituais. O feito de que aparezan portados ás

veces na man en escenas como as do caldeiro de Gundestrup<sup>6</sup> e incluso na diadema de Ribadeo/Moñes, segundo interpretación de Marco Simón<sup>7</sup>, redunda nesa relación co mundo dos rituais e as crenzas espirituais<sup>8</sup> con iconografías repetidas e similares para os deuses/as indíxenas logo romanizados cos mesmos atributos identificativos.

A súa amortización en tumbas de persoeiros ilustres (homes e mulleres) no ámbito europeo xunto con outros obxectos suntuarios é outra mostra desa relación cos símbolos de poder e estatus. Tamén o seu carácter votivo, de ofrenda, vincúlase a achados puntuais con varios obxectos localizados en zonas especiais a modo de depósitos<sup>9</sup>. En opinión de Marco Simón (2005:77) “expresan, en definitiva, a función do torques como mediador esencial co mundo divino ou a vontade das clases dirixentes de lexitimar o seu poder sobre a base da relixión e de autorrepresentarse en consecuencia”.

Ademais da súa función de adorno e os outros simbolismos devanditos, hai outra interpretación dos torques como posible paleo-moneda ou protomoeda ao ser susceptible de usarse como medio de intercambio ou medida de valor<sup>10</sup> xa no II milenio a.C. polo metal utilizado na súa elaboración<sup>11</sup>. Tamén Ladra (1999) apunta uns patróns de peso para os torques castrexos como posibles sistemas ponderais baseados no siclo fenicio (7,27 – 7,30 g.) como unidade metrolóxica básica. Este valor premonetal dos torques é unha liña de traballo interesante que se debería investigar en distintos ámbitos xeográficos.

En todo caso está claro que, independentemente da adscrición cronolóxica e cultural, os torques teñen un valor material e un valor simbólico evidentes.

## O TORQUES DE CENTROÑA

Segundo Murguía este fragmento de torques atopouno Juan Leira na súa finca de Casavella, Castrelo, na parroquia de Centroña (Pontedeume) en setembro de 1912. O achádego foi publicado en *La Voz de Galicia* e o propio Manuel Murguía realizou un artigo que aparecería dous meses máis tarde no Boletín da Real Academia Galega.

Sobre as circunstancias do achado casual hai que subliñar a súa contextualización preto dun castro, pero sen máis datos coñecidos ou prospeccións arqueolóxicas realizadas.

6. Datado na Idade do Ferro, ca. 200-100 a.C. e conservado no National Museum of Denmark. A súa rica iconografía interprétase como unha mistura celta e tracia.

7. MARCO, F. (1994): “Heroización y tránsito acuático: Sobre las diademas de Mones (Piloña, Asturias)” en J. MANGAS y J. ALVAR (eds.), *Homenaje a J.M. Blázquez, II*. Madrid, pp. 318-348

8. Balseiro García, A. (2000): *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes*. Diputación de Lugo.

9. MARCO, F. (2005:71-72) relaciona a ofrenda votiva de torques cos achados europeos preto de elementos acuáticos da paisaxe e na zona do NO peninsular lugares como as marxes dos castros (torques de Foxados, Pontevedra) en “El torques como símbolo”, *Torques Belleza y Poder*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

10. Castro L.; “El origen de los torques” en *Torques, Belleza y Poder* (2002) p. 23.

11. RUÍZ-GÁLVEZ, M. L. (1996:162) sobre o significado da ourivería prerromana apunta a súa utilización como moeda de cambio, incluso cortada en fraccións e demostra a relación co poder e a súa ostentación.



Torques de Centroña. Detalles





Referida a súa aparición como fragmento, sen noticias da outra metade do torques a pesares de estar rota de xeito intencionado, posúe un indubidable interese posto que representa case a metade dun torques áureo. Non é o único torques castrexo atopado en anacos e/ou mesturado con outros obxectos valiosos, polo que podería entenderse como un atesouramento polo metal áureo ou unha ocultación máis que un abandono ou perda en circunstancias de perigo. Moitas xoias castrexas reutilízanse ou repáranse polos ourives, sobre todo tendo en conta a gran perdurabilidade temporal e a transmisión xeracional destes obxectos, e teñen aparecido conxuntos metalúrxicos que se interpretan como depósitos de fundidor ou acumulación de metal valioso a reutilizar.

A súa localización na provincia de A Coruña, zona máis setentrional da Cultura Castrexa e territorio dos ártabros, da nome precisamente a esta tipoloxía de torques como tipo ártabro, así denominado primeiramente por López Cuevillas (1951: 20-51) e Montea-gudo (1952), cos típicos arames enrolados en dous terzos da variña e remates en periñas<sup>12</sup>. Pérez Outeiriño (1986 e 1990) denomínoo Morfotipo C1. Na clasificación dos torques da provincia de Lugo (Balseiro, 1994) establécese o Tipo V para os torques con arame enrolado e remates piriformes cunha datación xeral entre os séculos III-I A.C.

Prieto (1996:202) coincide coa denominación Tipo V para os torques con arames enrolados nos dous terzos dos extremos da variña e remates en periña con tres subtipos, segundo a presenza ou ausencia de decoración co que este torques corresponderíase co subtipo VA2 pola presenza de un ou dous grupos de espirais realizadas mediante filigrana, ou imitación desta técnica. Sinala que están máis representados na “área 2” ou territorio comprendido entre os ríos Eo e Ulla, xeograficamente adscrito aos ártabros, e, en menor medida, na “área 3” (territorio comprendido entre os ríos Ulla e Limia). A presenza puntual de tipoloxías similares en zonas distintas ás súas áreas de maior dispersión, pode apuntar circuítos de relacións comerciais ou de intercambios sociais de obxectos de valor porque a produción non deixa de ser autóctona, independentemente de que os ourives foran ou non itinerantes.

Ao longo do século XX apareceron varios paralelos de torques de tipo ártabro na provincia da Coruña que se foron dando a coñecer: P&A, (1998:58); CASAL e FERNÁNDEZ, (1998) como o torques de Bardaos I que se localizou no interior da croa do castro referido e máis tarde o torques da Croa de Bardaos II (LADRA, 2006) aínda que este ten a variña circular, remate piriforme e carece de decoración. O de Centroña ten a peculiaridade de ostentar dúas espirais dobres de filigrana aplicada que se supón corresponderían con outras dúas na outra metade. Esta disposición de dobre parella de espirais de filigrana é a única conservada do Norte de Galicia ata o momento pero segue a mesma composición decorativa das variñas destes torques: arame enrolado-espiral-terzo central liso.

No Ashmolean Museum (Oxford, Reino Unido) atópase un torques tipo ártabro procedente de “la cultura ibérica de los castros de la Edad del Hierro” sen máis referencias que ben podería ser un exemplar desta mesma zona.

12. Outras clasificacións tipolóxicas establécense só en función da forma dos remates.



Máis que por paralelismo morfolóxico por cuestión xeográfica mencionaremos tamén o Torques da Coruña que se conserva no MAN con remates piriformes decorados e ocos pero a súa orixinalidade radica no especial desenvolvemento do aro ao combinar nos terzos inferiores a variña de sección romboidal sen decoración coa decoración de catro fíos torsionados e terzo central liso que o diferencia do de Centroña.

Hai noticia do achado doutro torques tipo ártabro en Sta. María de Ois (Coirós, Betanzos, A Coruña. MAN.) atopado preto do castro de Flores. Tamén de tipo ártabro con arames enrolados nos terzos laterais, a continuación dobre espiral de filigrana con botón central en cada lado e remates piriformes ocos. Dátase entre os séculos II a. C. – I d.C.

O torques de Viladonga II ten alma de bronce con baño de ouro recuberta nos terzos inferiores da variña por arames enrolados de ouro baixo seguido de dobre espiral con botón central a cada lado do terzo central liso de sección circular. Ao igual que o outro torques de Viladonga foron achados no castro, este nun contexto habitacional e o outro no antecastro.

No conxunto de Cangas de Onís<sup>13</sup> (Oviedo. MAN.) hai fragmentos de torques de sección circular con arames enrolados sobre alma de prata e decoración á cera perdida con dobre espiral de botón central e outro con espirais de filigrana con botón central e pegadas de decoración de arames enrolados hoxe desaparecidos.

Do conxunto da Madorra, (Cospeito, Lugo) do MAN tamén hai torques con arames enrolados e filigrana ao igual que os tamén lucenses de Marzán, Burela, Recadieira II ou o coruñés de San Lourenzo de Pastor II (O Pino). Todos con arames, filigrana pero remates en dobre escocia.

Outro torques áureo do MAN de procedencia descoñecida presenta arames enrolados e a continuación na variña de sección circular dúas parellas de dobre espiral, non obstante, ten os remates en dobre escocia. A filigrana aplicada para as placas ou espirais non remata nun botón central<sup>14</sup>.

Entre os seus paralelos galegos, a pesares de que ningún posúe dobre parella de espirais de filigrana, hai outros que seguen esta mesma tipoloxía e composición decorativa agás no detalle devandito: torques de Viveiro (Lugo), os torques de Viladonga I e II (Castro de Rei, Lugo), torques de Orbellido (Vimianzo, A Coruña), torques de Ois (Betanzos, A Coruña), San Martiño do Porto (Cabanas, Pontedeume, A Coruña), torques de San Lourenzo de Pastor (O Pino, A Coruña), etc. Tamén os torques de Xanceda (Mesía, A Coruña) e outro de procedencia descoñecida de bronce-ouro, tamén conservado no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, teñen paralelismos, dentro das súas peculiaridades, co de Centroña.

Rematamos o apartado de paralelos mencionando o torques da Serra da Capelada (Ortigueira. MAN.) aínda que teña o aro de sección cadrada romboidal, os remates son

13. GARCÍA VUELTA, O. (2001): "El conjunto de Cangas de Onís. Arqueología del oro castreño asturiano". *Trabajos de Prehistoria*, 58, nº 2 p. 109-129

14. A pesar da súa aplicación en algúns exemplares con remates en dobre escocia, as placas de fíos de filigrana soldados que tamén chamamos espirais pola súa forma, son moito máis frecuentes nos torques con remates piriformes.


piriformes, ocos e unidos ao aro por soldadura. A decoración con motivos xeométricos é estampada datándose esta peza entre os séculos III-I a.C.

## ANÁLISE

O aro de sección circular é macizo, varía de grosor chegando nos extremos de contacto cos remates a 10 mm. e no outro extremo do fragmento 8 mm. sendo a medida máxima de 11 mm. O desenvolvemento do arco interno da unha medición de 171 mm. e a do arco externo de 198 mm. As marcas deixadas pola rotura ou tallado do torques, non podemos determinar cos medios dispoñibles se son antigas ou modernas, entre todas destaca unha incisión profunda de lado a lado no lugar da fractura. Presenta moitas pegadas de uso, rabuñaduras e algunhas abrasións sendo a amosega máis profunda a xa mencionada preto da parte central orixinal na zona de fragmentación. A sección dos corenta e un ara-





mes enrolados á variña é planoconvexa, sendo aplicados sobre un núcleo áureo de sección circular, a alma pode observarse co microscopio entre os propios arames. O diámetro máximo das placas de filigrana varía entre os 15 mm. da espiral máis externa e os 17 mm. da interior.



O remate que se conserva ten forma de periña ou landra, é oco e ten un furado no extremo. O burato aparece con pegadas de limado cunha intenciónalidade imposible de determinar non sendo para confirmar se o remate era ou non oco. Este tipo piriforme é moi habitual, pode realizarse coa técnica de baleirado en molde á cera perdida que logo se incorpora aos dous extremos da varela encaixado e soldado ao corpo principal<sup>15</sup>.


As súas medidas de diámetro máximo 23

mm. altura: 29mm. Os orificios nos remates téñense considerado para outros torques como posibles repiradoiros de evacuación dos gases producidos durante o proceso de elaboración da peza ou tamén un resto da técnica da cera perdida usada en remates como por exemplo no caso dos terminais de dobre escoia ocos do depósito de Cangas de Onís



15. A pesar de que adoitan ser ocas, tamén hai exemplos en que son macizas.





(MAN) ou no de Burela (MPL); sen embargo, neste caso, non se pode avaliar con total seguridade.

O estado de conservación xeral é moi bo, tendo en conta a práctica ausencia de manchas ou corrosións na superficie, do que tamén se deriva a calidade do ouro utilizado. As manchas da zona central da variña observadas con microscopio parecen proceder de acumulacións de residuos ou sucidades externas en incisións ou pequenas amosegas.

Con respecto ao peso temos unha medida para este fragmento de 170 g, o que fai pensar que o total do peso da peza completa non superaría os 340 g. Este dato ten importancia para analízalo en relación co sistema ponderal dos torques castrexos onde a maior concentración nos pesos obsérvase entre os 100 e os 170 grs. (Prieto,1996:208) en segundo lugar entre os 180 e 310 g e en terceiro os pesos entre 330-390 g.

Sería importante realizar estudos analíticos máis profundos para a interpretación dos procesos técnicos, a detección de aliaxes, etc. con material e tecnoloxía dos que agora non dispoñemos.

A adscrición cultural e cronolóxica atendendo aos estudos e investigación anteriores e aos paralelos máis achegados, encadraríao na Segunda Idade do Ferro do Noroeste peninsular na Cultura Castrexa, podendo establecer unha datación entre os séculos III-I a.C.

## SIMBOLISMO DOS TORQUES CASTREXOS

Os torques castrexos na súa meirande parte apareceron descontextualizados pero aínda así pode determinarse esa falta de contexto como un dato a relacionar con ocultamentos ou atesouramentos descartando polo de agora connotacións funerarias ou votivas na súa amortización, moitos aparecen asociados a castros<sup>16</sup>. De todos os xeitos hai que ter en conta que “o contexto do torques é precisamente a ausencia de contexto”<sup>17</sup> frase cuxas autoras relacionan co concepto de depósito arqueolóxico, é dicir, un ocultamento de obxecto/s valiosos por diversos motivos.

Por outra banda, os exemplos que posuímos refiren un uso masculino á vista das famosas esculturas de guerreiros galaicos non constatando, ata o de agora, evidencias de uso feminino nin a través da arqueoloxía nin doutras fontes, para o Noroeste peninsular. Non obstante, o seu valor e importancia é facilmente demostrable tal como se viu en páxinas anteriores. O material utilizado na súa elaboración: o ouro, converte estes obxectos en bens de prestixio<sup>18</sup>, ben dun individuo destacado ou ben dunha comunidade<sup>19</sup>, engadindo un simbolismo socioeconómico a un adorno/xoia non exento tamén de connotacións máxico-espirituais aínda que tamén outros investigadores opinan que un torques castrexo pode ser unha inversión colectiva non un adorno persoal<sup>20</sup>.

## TECNOLOXÍA

As técnicas usadas para a fabricación e decoración deste torques son en primer lugar a fundición co vaciado de metal fundido en molde para os aros macizos, arames e fios<sup>21</sup>. O baleirado á cera perdida para os remates macizos e a fusión ou fundición adicional para unir os terminais ao aro<sup>22</sup>. Logo usaríanse técnicas de deformación plástica coma o martelado para darlle a forma requirida e a soldadura para unir outros elementos.

Das técnicas decorativas destaca a filigrana para a realización das espirais dos torques castrexos como o de Centroña, a base de fios áureos simples dobrados en forma de espiral dobre unida pola propia continuación do fío dunha espiral a outra para cubrir toda a superficie da variña, non obstante, algunhas coma as do torques de Cangas de Onís

16. Hai moitos casos de contextos de torques relacionados directa ou indirectamente con castros: os dous torques de Viladonga, Burela, Foxados, Recadieira I e II, Marzán, Viveiro, Vilas Boas...

17. ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000:98,109).

18. Vid. Esquema anterior das funcións das xoias castrexas.

19. Tal como podería interpretarse no caso de torques sobredimensionados como os lucenses de Burela e Recadieira II (Mondoñedo), cun tamaño e peso fóra do habitual (1.812 e 1.460 grs. respectivamente).

20. ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000:98).

21. Os fios de filigrana fabricados por deformación plástica.

22. ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000:102).

(MAN) simulan as espirais de filigrana sendo realizadas á cera perdida. Adoitan aplicarse ao aro coa soldadura metálica cun punto de fusión inferior que os elementos a xuntar e dispóñense na zona central do aro, a continuación dos arames enrolados deixando o terzo central liso, sen decoración. No caso de Centroña son dúas parellas de espirais que se corresponderían do mesmo xeito no outro lado do torques que non se conserva. Esta técnica da filigrana é moi empregada tamén noutros motivos decorativos coma os entrelazados de varios fios áureos a xeito de cenefa no terzo central dos aros<sup>23</sup>. As espirais teñen un botón central, gránulo ou esfera soldado que agocha o remate do fio (NO vid. Imaxes).

Unión de terminal e aro macizo por vaciado adicional ou por soldadura metálica (García Vuelta, 2002:40) combinado cun encaixamento das dúas partes<sup>24</sup>.

Ás veces as marcas estampadas ou ciceladas no aro poden ser “marcas de propietario” antigas<sup>25</sup>. No caso de Centroña hai unhas marcas na zona seccionada do arco, das que non podemos determinar con claridade se son antigas ou modernas, pero si se trata dunha rotura intencionada vistas as diversas pegadas de corte do metal.

Os arames enrolados do terzo lateral da variña dispóñense primeiramente en barras áureas que a través do martelado se lles dá forma cunha sección plano-convexa ou cóncavo-convexa para enrolarse en torno ao aro, fixéndose coa soldadura e dando lugar a esta típica disposición decorativa dalgúns torques castrexos.

Sobre a posibilidade de que aos remates piriformes, como noutros torques cos terminais ocos, se lles puidesen engadir elementos internos para producir son tipo axóuxere, non se pode constatar no de Centroña porque a súa abertura está ao ar.

Para o acabado das pezas desenvólvense técnicas de pulido por abrasión metálica con materiais como area ou cinza<sup>26</sup>.

Sistemas de produción:

Sobre esta cuestión ou sobre as teorías de ourives ou tecnoloxía itinerante, se estes produtos son froito de intercambios con outras comunidades do NO ou a partir de centros de produción distribuidores hai diversas opinións. Armbruster e Perea (2000:109) en función da variabilidade dentro dun trazo morfolóxico dos torques castrexos, defenden a hipótese do ourive ou obradoiro ambulante que “dá servizo a una ampla zona xeográfica” ou ben a existencia dun obradoiro fixo ou estacional que traballa por encargos e a distancia.

A valoración do grao de especialización artesanal é, segundo Perea<sup>27</sup>, un indicador válido para a análise socioeconómica das sociedades onde se desenvolve esta tecnoloxía.

Os niveis de coñecemento e cualificación necesarios para a produción da ourivería castrexa terían que conducir cara a unha actividade especializada e diferenciada do artesan metalúrxico aínda que a dedicación non fose total.

23. Nos torques lucenses de Burela e Marzán (Foz), por exemplo.

24. Hai terminais macizos co baleirado á cera perdida como os de Cospeito (Ladra, 1997-1998).

25. Como a aspa do terzo central do aro do torques de Burela.

26. GARCÍA VUELTA, O. (2005) “...” en *Torques. Belleza y Poder*. MAN. Ministerio de Cultura, Educación y Deporte. P.33.

27. PEREA et al., (2008:129-130).



## CONCLUSIONES

Sendo os torques pezas importantes da ourivería protohistórica do NO peninsular e o símbolo máis coñecido ou popularizado da cultura material castrexa, a análise do exemplar de Centroña contribúe a profundar máis no seu coñecemento e maior difusión, caracterizando os torques castrexos como unha produción distintiva e independente doutras áreas da península Ibérica ou Europa.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (coord.) (1996): *El oro y la orfebrería prehistórica en Galicia*. Diputación Provincial de Lugo. Museo Provincial de Lugo.
- ARMBRUSTER, B.R. e PEREA, A. (2000): “Macizo/hueco, soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia”. *Trabajos de Prehistoria* 57 (1): 97-114
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1994): *El oro prerromano de la provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo.
- (2000); *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes*. Diputación de Lugo.
- BANDERA, M.L. de la (1988): “Estudio crítico de los torques ibéricos”. *Habis*, 18-19 pp. 531-563
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1957) “Origen y relaciones de la orfebrería castreña”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 12, nº 36-37-38. Santiago de Compostela pp- 5-28; 137-157; 267-301.
- CASAL, R. e FERNÁNDEZ, C. (1998): “Acerca de otro nuevo torques de alambres enrollados” *Gallaecia*, 17:245-250
- CASTRO, L. (1990); *Os torques prehistóricos*. USC. Santiago de Compostela (1992); *Los torques de los dioses y de los hombres*. A Coruña
- COMENDADOR, B. 1998: *Los inicios de la metalurgia en el Noroeste de la Península Ibérica. Brigantium*
- II. Museo Arqueológico e Histórico Castelo de San Antón. A Coruña.
- GARCÍA-VUELTA, O. (2007); *Orfebrería castreña en el Museo Arqueológico Nacional*. Ministerio de Cultura. Madrid.
- LADRA FERNÁNDEZ, L. (1999): “Análisis ponderal de los torques castreños”. *Complutum*, 10:143-156
- (2003): “Sobre un novo torques recentemente adquirido polo Museo Arqueológico e Histórico Castelo de San Antón”. *Brigantium*, 14: 109-115
- (2005): “Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO peninsular”. *Actas del Encuentro de Jóvenes*

- Investigadores sobre Bronce Final y Hierro en la Península Ibérica*, pp. 94-110. Salamanca.
- (2005): Dous novos torques achados en Vilar do Monte (San Fiz de Reimóndez, Sarria, Lugo) *Anuario Brigantino*, 28:27-38
- (2006): “Un novo torque achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña)”. *Anuario Brigantino* 2006, nº 29: 39-52
- LADRA, L. e MARTINÓN-TORRES, M. (2009): “Variacións tecnolóxicas e preferencias culturais: estudo analítico dos ouroos do castro de Viladonga”. *Croa*, 19: 32-43
- ¿? Novas perspectivas no estudo dos torques castrexos: morfotipos e territorialidade.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1932); “Os torques do Noroeste Hispánico”. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos IV*. Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela. p. 97-130.
- (1951): *Las joyas castreñas*. Madrid.
- MONTEAGUDO, L. (1952): “Torques castreños de alambres enrollados” *Archivo Español de Arqueología*, XXV, 287-296
- MURGUÍA, M. (1912): “El Torques de Centroña”. *Boletín da Real Academia Galega*. Ano VII. Nº 66 A Coruña.
- P&a (1998), “Hallazgo y recuperación de un torque inédito en el ayuntamiento de Tordoia (A Coruña)”, *Revista de Arqueología*, 203:58.
- PEINADO Y GÓMEZ, N. (1975); *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*. Lugo.
- PEREA, A. (1995); “La orfebrería castreña asturiana”. *Astures*. Catálogo de exposición. Gijón: 77-87
- PEREA, A. 2003: “Los torques castreños en perspectiva”. *Brigantium* 14: 139-149.
- PEREA ET AL., (2008) PEREA, A.; ARMBRUSTER, B.; MONTERO, I. y ROVIRA, S. 2008: “Arqueometalurgia: historia y tecnología”. En Sáiz-Jiménez y Rogerio-Candelera 2008: 129-142.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1986); “Torques”. *Gran Enciclopedia Gallega*, 29: 107-110
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1990): “Achega tipolóxica para o estudo dos torques áureos do NW.” *Gallaecia*, 12\_ 139-151
- PRIETO MOLINA, S. (1996): “Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica”. *Complutum*, 7 Madrid p.195-223
- P&A (1998): “Hallazgo y recuperación de un torque inédito en el ayuntamiento de Tordoia (A Coruña)”. *Revista de Arqueología*, 203:58
- QUEIROGA, F.M.V.R. (1987): “ Dois torques castrejos do Ashmmolean Museum (Oxford)”, *Portugalia*, Nova Serie, VIII:59-65
- REBOREDO CANOSA, N.
- RUIZ-GÁLVEZ PRIEGO, M<sup>a</sup>.L. (1989): La orfebrería del Bronce Final. El poder y su ostentación” *El oro en la España prerromana*. Monografía de la Revista de Arqueología, Madrid, p. 46-57.

- RUÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M<sup>a</sup>.L. y GALÁN, E. (1996): “Divisa, dinero y moneda. Aproximación al estudio de los patrones metrológicos prehistóricos peninsulares”. *Homenaje al Prof. Manuel Fernández-Miranda*. Complutum extra 6 (II), Madrid, p. 151-165.
- TRAPERO PARDO, J. (1955); “Una joya de la orfebrería prehistórica lucense. El torques de Burela”. *BCPML*, 6: 55-59
- BARRIL VICENTE, M. e ROMERO RIAZA, A. (dtors.)(2002) *Torques, Belleza y Poder*. Museo Arqueológico Nacional. Ministerio de Educacion, Cultura y Deporte.
- (1989) *El oro en la España prerromana*, extra de la *Revista de Arqueología*, Madrid,
- (2005) *Torques Belleza y Poder*.

